

FERRAMENTAS PARA MELLORAR AS CONDICIÓNS LABORAIS DOS PROFESIONAIS DA TRADUCIÓN EDITORIAL

Ana Luna Alonso
aluna@uvigo.es
Universidade de Vigo

[Recibido 16/06/12; aceptado 18/07/12]

1. Introducción

En 1997 publicouse o primeiro *Libro Blanco de la Traducción en España*. Dende esa data ata a actualidade, para coñecer cal é a situación dos profesionais que traducen, valémonos entre outros, dos datos compilados pola Subdirección General de Promoción del Libro, la Lectura y las Letras españolas recollidos nas panorámicas da edición española de libros. Case dez anos despois, o estudo de 2008¹ reflectía a importancia da tradución dentro do sector editorial no Estado español e revelaba a necesidade de actualizar a información dispoñible sobre a situación do profesional que traduce libros dentro do Estado (por linguas e espazos autonómicos), dado que o anterior encargado por ACE traductores² (Macías Sistiaga e Fernández-Cid 2002) confirmaba a percepción da «escasa consideración» denunciada polo colectivo, formado por máis de 1 500 profesionais asociados³. A compilación de información permite formármonos unha imaxe de cal é a situación na que viven os tradutores e cales son os problemas que lles afectan para tentar poñerlles solución mediante a reivindicación colectiva.

Con esa mesma intención xorde o *Libro Blanco de la Traducción Editorial en España* (2010), editado polo Ministerio de Cultura xunto con CEDRO (Cen-

1 *La Traducción Editorial en España (2008) e El sector del libro en España (2010). Observatorio de la lectura y el libro*. En: <<http://www.mcu.es/libro/MC/ObservatorioLect/Estudios/estudiosOLL/historico2010.html>>.

2 En: <<http://ace-traductores.org/>> e resumido na revista *Vasos Comunicantes*, 25: 39-64. En: <<http://revistavasoscomunicantes.blogspot.com.es/>>.

3 En 2010, as traducións supoñían o 22,1 % do total da produción editorial (o 22 % en 2009). A tradución entre as linguas do Estado acadou un 19,6 % (17,6 % en 2009). No caso do galego, a porcentaxe de libros traducidos foi do 24,2 %. En: <<http://www.calameo.com/read/000075335b459ef70901e>>

tro Español de Derechos Reprográficos) e ACE Traductores⁴. O *Libro Blanco* presenta entre outros datos, os resultados dunha enquisa sobre a situación do tradutor e da tradución editorial no Estado español realizada a profesionais e socias e socios de ASETRAD⁵, APTIC⁶, EIZIE⁷, AGPTI⁸, ACEC⁹ e UNICO¹⁰.

A tradución de libros é unha actividade industrial moi importante que move a cuarta parte da produción editorial publicada dentro do Estado. España é a cuarta potencia editorial do mundo e, dada a súa diversidade lingüística e cultural, conta cunha actividade interna que incrementa a súa produción (o 8,9 % do total das traducións en 2009), realizada sobre todo dende o castelán, seguida polo catalán, o éuscaro, o galego e o valenciano. O seu peso no total da edición española superou o 2 % nese ano, fomentada á súa vez polas axudas á tradución da Dirección General del Libro, Archivos y Bibliotecas¹¹, tanto entre as linguas cooficiais como cara a outras linguas estranxeiras; así como pola existencia dos premios nacionais de tradución creados en 1956¹². Os resultados da enquisa analizados polo catedrático da Universidad Complutense, Jose Miguel Marinas, mostran que algunhas editoras vulneran a lei e cómpre seguir aunando esforzos para mellorar a relación entre editores e profesionais da tradución respecto dos contratos, condicións, datos de tiraxe, tarifas, beneficios, etc. Con todo, o novo *Libro Blanco* desprende algún dato positivo na evolución da aplicación da lei nos últimos trece anos (Texto refundido da Ley de Propiedad Intelectual aprobado por Real Decreto legislativo en xaneiro de

4 ACE Traductores é a sección autónoma de tradutores de libros da Asociación Colegial de Escritores de España. ACETt (1983). Ten como fin primordial defender os intereses e dereitos xurídicos, patrimoniais ou de calquera outro tipo dos tradutores de libros. En: <<http://www.acett.org/>>.

5 A Asociación Española de Tradutores, Correctores e Interpretes (2003).

6 A Associacio Professional de Traductors i Interprets de Catalunya (2009), creada a partir de TRIAC (Traductors i Interprets Associats pro-Col.legi) e ATIC (Associacio de Traductors i Interprets de Catalunya).

7 A Euskal Itzultzaile Zuzentzaile eta Interpreteen Elkarteá é a asociación de tradutores, correctores e intérpretes de éuscaro (1987).

8 A Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación (2006). Cf. O informe (2009-2011) titulado: *Situación actual do sector da Tradución/Interpretación*. En: <<http://agpti.org>> Documentos.

9 A Associacio Colegial d'Escriptors de Catalunya (1993).

10 A **Unión de Correctores** fundada en 2005.

11 As axudas do Ministerio de Cultura para o fomento da tradución a linguas estranxeiras, durante o período 2004-2010 foi de 4,6 millóns de euros (1 200 proxectos traducidos a máis de 40 linguas. Na última convocatoria o presuposto aumentou un 14 %. As axudas para o fomento da tradución entre linguas oficiais acadou 372 000 €, destinados a apoiar un total de 222 proxectos editoriais.

12 O Premio Nacional destinado ao tradutor, foi de 20 000 € libres de impostos. Na edición de 2011, o galardón foi para Olivia de Miguel pola obra *Poesía completa* de Marianne Moore. O Premio Nacional á obra dun tradutor foi para Selma Ancira.

1996), pero aínda é preciso adaptar os contratos de edición ante a implantación do libro electrónico¹³.

2. Primeira parte

O Libro comeza coa introdución de Rogelio Blanco, daquela Director General del Libro, Archivos y Bibliotecas no Ministerio de Cultura e un limiar da xunta reitora de ACE Traductores, séguelle un artigo de Magdalena Vinent, responsable de CEDRO, que leva por título: «CEDRO y la gestión colectiva de los derechos de autor en el ámbito digital». Os tradutores, indica Vinent, reciben de CEDRO beneficios económicos pola reprodución das obras sobre as que teñen dereitos (CEDRO reparte o valor autoral de cada obra traducida a partes iguais entre autor e tradutor), e tamén se poden beneficiar das axudas sociais e asistenciais da entidade. CEDRO protexe a xestión da copia privada en formato analóxico, así como a concesión de licenzas ou autorizacións de determinados usos como a dixitalización das obras.

En «El Libro Blanco de la traducción editorial en España. Su importancia», Antonio M^a Ávila, director executivo da Federación de Gremios de Editores de España, apunta que é moi importante que se fagan estudos rigorosos sobre a produción cultural como o do *Libro Blanco* ou como os do *Comercio Interior del Libro* na FGEE¹⁴, o do *Comercio Exterior del Libro* de FEDECALI¹⁵, o da *Distribución de libros y revistas en España* de FANDE¹⁶ ou o *Observatorio de las Librerías* de Cegal¹⁷.

A interesante contribución do profesor de dereito mercantil na Universidade de Salamanca, Fernando Carbajo sobre «La traducción y el derecho de autor», insiste na importancia da existencia dunha lexislación internacional sobre os dereitos de autor e sobre os dereitos dos autores das traducións¹⁸. No caso da lexislación española sobre propiedade intelectual, o texto refundido da *Ley de Propiedad Intelectual* (1996), non trata de xeito específico a tradución, aínda que si alude a ela en normas dispersas. A tradución é unha facultade ou prerrogativa do autor sobre a súa obra. O tradutor goza de todos os dereitos morais e patrimoniais de autor sobre a obra traducida. Respecto do modelo de contratos de edición de traducións, Carbajo incide na necesaria alusión á

13En marzo de 2012 aprobouse o modelo de contrato de explotación dixital. En: <<http://ace-traductores.org/node/432>>.

14Federación de Gremios de Editores de España. En: <<http://www.federacioneditores.org/>>.

15Federación Española de Cámaras del Libro. En: <<http://www.fedecali.es/>>

16Federación de Asociaciones Nacionales de Distribuidores de Ediciones. En: <<http://www.fande.es/fande.asp>>

17Confederación Española de [Gremios y Asociaciones](#) de Libreros. En: <<http://www.cegal.es/>>

18Art. 8 do Convenio de Berna, de 9 de setembro de 1886, para a protección das obras literarias e artísticas, revisado pola Acta de París de 24 de xullo de 1971, convenio xestionado pola Organización Mundial da Propiedade Intelectual.

duración do mesmo, porque de non ser así a cesión limitábase a cinco anos. A falta de mención do territorio tamén limita a tradución ao ámbito do país en que se realice a cesión (o país onde se asina o contrato); e a falta de mención dos dereitos e modalidades de explotación condiciona a cesión ás modalidades que se deduzan do propio contrato.

O artigo do escritor, editor e tradutor, Luis Magrinyà, titulado «El valor de lo invisible», trata da tradición tradutora dentro do Estado español e compara os datos coa produción europea nos últimos anos. Segundo unha enquisa realizada polo CEATL (2007-2008)¹⁹, que recolle as condicións laborais dos profesionais da tradución de libros en Europa, comprobamos que os ingresos dos tradutores literarios e mais as porcentaxes por dereitos de tradución son máis estables e máis altos nos estados nos que existe un acordo entre os profesionais que traducen e os editores (2008: 67). Como consecuencia, as diferenzas entre os ingresos mínimos e máximos son tamén menos notables nos países que carecen de acordos. Do mesmo modo, os tradutores teñen mellores condicións de vida nos estados nos que se poden beneficiar de subvencións ou bolsas. Con todo, hai que indicar que aínda non é doado atopar profesionais que se dediquen en exclusiva a este labor:

Il faudrait ajouter toute l'Espagne y compris ses régions qui montrent des chiffres plus élevés uniquement parce que les traducteurs littéraires parviennent à une performance beaucoup plus élevée –mais, bien sûr, au dépens de la qualité littéraire des traductions. (2008: 69)

Os datos do estudo son analizados por Currais (2007) onde se destaca o contraste entre Europa occidental e oriental. Dentro da propia Europa occidental tamén existen diferenzas importantes, que non sempre están relacionadas co nivel de vida. Así, as retribucións no Estado español son menores cás doutros países cun nivel de vida semellante. Segundo o CEATL (2007-2008), os países con linguas menos faladas son os que máis traducen: Dinamarca un 60 %, Suecia o 45 %, Noruega e Grecia un 40 % e os Países Baixos un 36 %; fronte aos países con importante poboación como Francia (14,4 %) e Alemania (7,2 %). España sitúase nun posto intermedio xunto con Italia (22 %) e Eslovenia (25 %). No caso do Reino Unido, a cifra baixa a un 3 %.

O inglés como lingua que domina o mercado editorial, define o que é internacional e o que non. Así, indica Magrinyà no *Libro Blanco*, un autor balcánico debe escribir sobre a guerra dos Balcáns se quere ser traducido ao inglés:

A un escritor balcánico se le pide que haga ‘balcanismo’, y este es un peaje, en cualquiera de sus cotizaciones folklóricas, que parece que tienen que

19CEATL (Conseil Européen des Associations de Traducteurs Littéraires): *Revenus comparés des traducteurs littéraires en Europe*, Bruselas. En: <<http://www.acett.org>> e <<http://www.ceatl.eu/docs/surveyfr.pdf>>.

pagar la mayoría de los escritores que aspiren a formar parte del curioso mundo global. Es decir, del mundo que se habla y escribe en inglés. (p.28).

Magrinyà reclama para o tradutor un recoñecemento institucional, porque cando as editoriais mostran como garantía de calidade o nome do tradutor na capa do libro, semella que entenderon que a calidade é un reclamo (un valor comercial), e en certo modo contribúen a formar ao público lector nesa idea. O nome da persoa que traduce adoita aparecer nas fichas bibliográficas e nas reценsións en prensa, e o feito que exista un Premio Nacional de Tradución, anima e prestixia a todos os profesionais, aínda que na opinión do autor do artigo é un erro que a axuda pasase das mans do tradutor ás do editor.

A parte máis voluminosa e extensa desta primeira parte do libro é o estudo do catedrático de filosofía política e socioloxía da Universidad Complutense, José Miguel Marinas. O traballo comeza coa explicación do interese do volume: «dar a coñecer e reivindicar para actuar». A seguir, dáse conta da situación da actividade da tradución editorial, tendo en consideración os datos de anteriores estudos. O artigo valora as opinións de todas aquelas persoas que se recoñecen nun mesmo «oficio» (referido ás condicións e competencias adquiridas para desenvolver o exercicio de traducir), «profesión» (relativa á capacidade para responsabilizarse da tarefa encomendada) ou «gremio» (entendido como saber común e percepción compartida polos que forman o colectivo de tradutores). O contexto da tradución editorial (condicións, tarefas e expectativas) trata da apreciación global da tradución, as innovacións tecnolóxicas, os cambios producidos no colectivo de tradutores, os cambios na oferta e a demanda²⁰ así como a dificultade no diagnóstico que resume nos puntos que seguen:

- A cuestión dos prazos de entrega é cada vez máis esixente cos profesionais.
- A ideoloxía dominante estendeu a idea de que as traducións automáticas son baratas, universais e suficientes para ocupar o espazo das mentes humanas.
- A profesión feminízase cada vez máis.
- Hai un relativo envellecemento da poboación que traduce.
- Hai unha maior especialización (dende a tradución de textos literarios ata a dobraxe de videoxogos, pasando pola tradución institucional, xurada, comercial...).
- Comezan a entrar no oficio os licenciados en Tradución e Interpretación.
- A profesión perde creto, dado o reiterado incumprimento da lexislación.

20 As editoras danlle prioridade aos libros máis vendidos, aos modernos consagrados e a xéneros que se imponen con éxito (libros de autoaxuda, facilitadores do coñecemento e manuais).

3. Segunda parte. A enquisa

Respecto da enquisa realizada, os datos clasifícanse en catro apartados que seguen o modelo de 1997 e 2003²¹:

3.1 *Perfil da profesión*

A composición do colectivo distribúese nun 54,1 % de mulleres e un 45,9 % de homes. A grande maioría son mulleres novas residentes en Cataluña con preparación universitaria. Moitos dos tradutores son tamén profesores de bacharelato (40 %), outros dedícanse á creación literaria (28 %) ou a diversas actividades editoriais. O grao de dedicación exclusiva aumentou nos últimos anos (37,5 %), pero aínda se mantén unha alta porcentaxe que comparte a faceta de tradutor con outras actividades profesionais. Con todo, incrementouse a profesionalización en réxime de autónomos, sobre todo nas mulleres (60 %) fronte a menos dun 40 % nos homes.

3.2 *Actividade profesional*

Cómpre ter en conta que os tradutores de libros non teñen esa actividade como exclusiva. Unha terceira parte do colectivo traduce libros e só libros (33,6 %) e a porcentaxe restante realiza traballos para axencias ou clientes directos, actividade que non xera dereitos de autor. A tradución media de libros por cada tradutor é de dous exemplares ao ano. A maioría comparte como principal idioma de partida o inglés, seguido a bastante distancia do francés. Castelán, catalán, italiano e alemán obteñen porcentaxes situadas entre o 15 % e o 30 %, mentres que do resto dos idiomas traducen menos do 5 % dos tradutores. Para a maioría dos tradutores (55 %) os ingresos procedentes da tradución de libros supoñen menos do 25 % do total dos seus ingresos anuais. A idade e mais a antigüidade teñen un importante peso na media das remuneracións.

3.3 *Asociacións profesionais*

A maior parte dos tradutores están asociados (56,9 % fronte ao 43 % non asociados), son mulleres, autónomas e traballan con exclusividade no sector. Algún deles pertence a máis dunha asociación e compaxina a súa pertenza a unha estatal (ACE Tradutores)²² con outra autonómica ou ben traballan en diferentes campos da tradución.

3.4 *Condicións laborais*

Respecto da relación contractual, é importante salientar que un 27,2 % dos libros traducidos carecen de contrato formalizado por escrito (obrigatorio por Lei e xa que logo, causa de nulidade), e esa porcentaxe aumenta ata un 44,5 % cando se trata de «tradutores esporádicos» que normalmente non o reclaman e cobran tarifas máis baixas respecto da media. O contrato modelo utilizado é o que se asina para máis dunha edición, pero en moitos casos non

21 Informe de ACE Tradutores, 2003.

22 Dende 1983 a APETI (creada en 1955) pasou a ser ACE Tradutores, a sección autónoma de tradutores de libros como sección da Asociación Colegial de Escritores (ACE).

inclúe prazo de vixencia nin porcentaxe de dereitos²³ e tampouco indica o número de edicións. Ademais, non se solicita autorización do tradutor para facer modificacións na fase de corrección e non se informa sobre a tiraxe.

Respecto das tarifas, o sistema máis común adoita ser o dun primeiro pagamento en forma de anticipo a conta dos dereitos de explotación da tradución. Cando está amortizado o anticipo, o editor debe liquidar anualmente co tradutor en función da porcentaxe fixada no contrato, sempre que sexa para máis dunha edición. Por outra parte, o patrón de 2 100 matrices (290 palabras) ou o reconto de 2 100 caracteres con espazos (360 palabras) son os sistemas de cómputo máis coñecidos. É importante destacar que a tarifa media tende á baixa nos últimos anos (0,036 €) e que a tradución dende ou cara ao galego é das máis baratas do Estado.

4. Os anexos

Os anexos inclúen en primeiro lugar o cuestionario empregado para a enquisa que pode servir de modelo para que as asociacións debatan o informe en función das características dos seus socios e mercados. Os anexos II e III están relacionados con estudos concretos como o levado a cabo por Carmen Francí (Secretaría xeral de ACE Tradutores) sobre os «Sistemas de cómputo» e o efectuado por Carlos Milla e Marta Pino, socios de ACE Tradutores²⁴, que leva por título: «*De te fabula narratur*: los sistemas de cómputo y el rendimiento del trabajo de traducción en el sector editorial».

O texto de Francí clarifica una serie de termos e conceptos moi empregados nos contratos como son: ‘caracteres’, ‘matrices’, ‘pulsacións’, ‘espazos’, ‘espazos en branco’, ‘holandesa’ (cada vez menos común), ‘modelo’ ou ‘patrón’, ‘folio’ ou ‘páxina’. A tradutora explica que nunca son equivalentes una páxina de 2 100 matrices (caracteres + espazos entre palabras + outros espazos ata a marxe da páxina) e outra de 2 100 caracteres con espazos (360 palabras) no reconto que fai un procesador de textos de Word. E o que é máis importante, a autora insiste en ter en consideración a variedade de formulacións dos tipos de cómputo para a aplicación das tarifas e recomenda o uso do cómputo por palabra do procesador para evitar ambigüidades que en calquera caso nunca poden contradicir a lei.

Carlos Milla e Marta Pino pola súa parte denuncian aos editores que aproveitaron o uso das novas tecnoloxías para ofrecer tarifas baseadas no reconto automático de caracteres e lesionar os intereses de tradutores e correctores de libros. O prezo dunha tradución para un editor representa máis do 20 % do

23 En xeral, un 1 % de dereitos (do PVP do libro sen IVE), que debe ser maior se a obra é de dominio público.

24 Artigo publicado en *Vasos Comunicantes*, 34, primaveira 2006, revista de ACE Tradutores, e en <www.acett.org>.

custo de produción dun libro, se recortan no pagamento da tradución, poderán vender máis barato e seren máis competitivos no mercado, iso si, de xeito desleal co sector. Milla e Pino elaboraron un estudo a partir dunha enquisa realizada entre os socios de ACE Traductores no que se propón una táboa de equivalencias xusta entre os diferentes sistemas de cómputo: por folio, por palabra ou por caracteres, que permite cuantificar así as perdas reais do profesional. Nos contratos non se pagaba por bloques de 2 100 caracteres (330 palabras), senón por folio, fosen as que fosen as medidas, e iso acaba sendo moi desfavorable para o tradutor. O estudo calcula as porcentaxes de perdas con distintas opcións de medida comprendidas entre 1 700 e 2 100 caracteres/folio e entre 270 e 330 palabras/folio e ofrece diferentes fórmulas que indicamos a seguir:

- Conversión dunha tarifa por patrón de 2 100 espazos a una tarifa por caracteres con espazos calculados con Word.
- Conversión dunha tarifa por patrón de 2 100 espazos a una tarifa por palabras.
- Conversión dunha tarifa calculada polo sistema de reconto de caracteres con espazos a una tarifa por patrón de 2 100 espazos.
- Conversión dunha tarifa calculada polo sistema de reconto de palabras a una tarifa por patrón de 2 100 espazos.

5. Conclusións da enquisa

Un dos apartados máis extenso e interesante é o dedicado ás condicións laborais e aos problemas derivados do desenvolvemento da profesión. O estudo revela que hai moitos profesionais que non reclaman ante situacións de abuso por parte dos editores que incumpren a lei, e os que reclaman adoitan ser asociados e profesionais que se dedican en exclusiva a este oficio, pero os resultados das reclamacións tampouco son satisfactorios na súa maioría.

No esquema DAFO (Debilidades/Ameazas/Fortalezas/Oportunidades) do remate do documento faise fincapé en primeiro lugar na precariedade laboral, na incerteza nas datas de pagamento, en que non hai profesionalización e que hai poucos traballadores asociados. Como ameazas, é importante destacar que moitos clientes incumpren a *Ley de Propiedad Intelectual* e a desconsideración da calidade no resultado por parte dalgúns editores sometidos á presión de manter o negocio. Así e todo, entre as fortalezas cómpre salientar que existe una lexislación avanzada no recoñecemento dos autores das traducións e un número importante de asociación que protexen os seus dereitos. Por outra parte, a existencia de formación superior en tradución e a mellora das ferramentas das que pode dispor o profesional (Internet, foros de tradutores ou lingüistas, bases de datos, información especializada e recursos moi variados) favorecen as súas condicións laborais e fomentan o apoio entre eles. O libro remata coa exposición das oportunidades que quedan por poñer en marcha a través dos colectivos europeos como o citado CEATL, os centros universitarios e os especialistas.

Referencias bibliográficas

- ACETT. 1997. *Libro Blanco de la traducción en España*, Madrid: ACE Traductores. 1997.
- CEALT. 2008. *Revenus comparés des traducteurs littéraires en Europe*. Holger Fock, Martin de Haan, Alena Lhotová, Bruselas: CEALT. [<http://www.ceatl.eu/docs/surveyfr.pdf>].
- CURRAIS ARCAJ, Jacobo. 2007. «Tarifas de traducción literaria en Europa». *Viceversa*. *Revista Galega de Tradución*, 13: 347-351. En: [http://webs.uvigo.es/webatg/viceversa/files/13/VICEVERSA%2013_2007.pdf].
- MACÍAS SISTIAGA, C. e M. FERNÁNDEZ-CID. 2002. *Informe sobre la situación del traductor de libros en España*. ACETT traductores. [www.acett.org/documentos/informe_completo_definitivo.pdf].
- MCU. 2008. *La Traducción Editorial en España*. MCU. [www.nuevatribuna.es/pdf/traduccion.pdf].
- MCU. 2010. *Panorámica de la Edición Española de Libros*. MCU (edicions 1990-2010). [www.mcu.es/libro/MC/PEE/index.html].
- . 2010. *La Traducción Editorial en España*. MCU. [http://www.mcu.es/libro/docs/MC/CD/TRADUCCION_2010.pdf].
- . 2010. *Libro Blanco de la Traducción Editorial en España*. MCU-ACETT. [www.calameo.com/read/00007533587198e49a11c].
- MILLA SOLER, C. e M. PINO MORENO. 2006. «*De te fabula narratur*: los sistemas de cómputo y el rendimiento del trabajo de traducción en el sector editorial». En *Vasos Comunicantes*. Vol. 34, p. 35-64.

